

LECTURA

Súper PEPO e o xardín dos desexos




¡Ola son Pepo! Acordádesvos de min? Xa levo tres anos na Academia de Superheroes de Jotam á que vou polas tardes ao saír do cole. E grazas a que traballei duro e, sobre todo, escoitei e axudei ós demais, conseguín as miñas tres capas de cores: a Azul no meu Primeiro curso, a Verde no Segundo e a Vermella no Terceiro.


Teño que dicirvos que o máis duro para un Superheroe como eu, non é conseguir as capas senón mantelas despois.

Estar sempre atento ao que sucede ao teu arredor é moi difícil e moi canso.

Por iso, esta vez, si que metín a pata ata o fondo e no canto de axudar empeorei as cousas.

O mellor será que vos conte o que pasou:





Durante os recreos, o que máis nos gusta facer á miña amiga Irene e a min, é visitar a Tareixa. Ela encárgase de coidar o cole cando non estamos e tamén o xardín. Encántanos que nos ensine os nomes das flores e como debemos coidalas para que crezan. Nós chamámolo O Xardín dos Desexos porque mentres as cheiramos pedimos desexos a ver se se nos cumpre algún.

Tareixa contounos que a maioría das flores regálallas á súa veciña Celia que veu dun país que está moi lonxe. Para chegar aquí tivo que cruzar en avión un mar moi grande. Como os billetes custan moito diñeiro, Celia vende as flores que Tareixa lle regala no mercado e con iso consegue reunir o suficiente para viaxar e visitar á súa familia.


Pero que pasara? O xardín do colexio sempre foi moi bonito con todo, este ano, cando chegou a primavera, apenas saíron flores e ninguén sabía por que...

Un mes antes da primavera, eu estaba cos meus amigos no recreo. Xogabamos ao agocho entre as árbores cando, de súpeto, saíron unha chea de abellas dunha colmea. Irene empezou a chorar. Unha abella deulle un bo picotazo na perna. Como eu son un superheroe, a miña obrigación era axudar aos meus amigos e evitar que as abellas picasen a máis nenos e nenas. Pensei e pensei e ocorréuseme unha gran idea, ou polo menos iso crin: tapar o buraco onde vivían as abellas con papel e celo. Así todos os nenos poderían xogar tranquilos no patio.

Non me dín conta da miña equivocación ata hai unhas semanas cando a profe nos explicou na clase “a polinización”. Xa sei que é unha palabra moi rara pero eu nunca a vou a esquecer. A profe díxonos que as abellas son polinizadoras, é dicir, que cando van buscar ás flores o néctar para fabricar o mel e púsanse nelas, arrastran coas patillas de atrás o pole. Ese pole ao caer noutras flores fai que crezan e saian máis flores. “¡Ui, ui, ui!” Pensei.” **Creo que armei unha boa lea ao non deixar que as abellas cumpran a súa función**”. Irene miroume cos ollos como pratos mentres a profe continuaba falando do papel das abellas na natureza. Ao acabar a clase saímos correndo ao xardín a quitar o papel que tapaba a colmea das abellas, pero xa era tarde, desapareceran.

Agora comprendedes por que me sinto tan triste? Tareixa quedouse sen as flores que tanto coidara, Celia sen poder visitar á súa familia e o cole sen cores, ¡miúdo Superheroe estou feito! Esta tarde nin sequera puiden concentrarme na Academia, só pensaba nas abellas, as flores e a polinización. Ao acabar a última clase decidín contarllo tamén á profe da Academia.

- **Fixen algo que non está ben, estou triste e ademais creo que aparte de Tareixa e Celia, as abellas deben estar moi, pero que moi enfadadas comigo.**
- **Non te debes por triste Pepo, ás veces equivocámonos, pensamos que arranxamos un problema e o que estamos facendo é causar outro. Pero o máis importante é que o fixeches porque pensaches que axudabas aos demais e décheste conta do teu erro. Durante as vacacións pensa en que podes facer para solucionalo.**





Fixen caso á profesora e... A que non sabedes que pasou? Pois que neste curso ofrecínme para axudar a Tareixa durante todo o outono e o inverno a coidar o xardín. Esta primavera ¡hai de novo moitas flores! porque ninguén molestou ás abellas.

Á profe da Academia de Superheroes pareceulle xenial que axudase a Tareixa e felicítoume pola miña decisión:

- Aínda que te equivocaches Pepo soubeches buscar unha solución. Agora no Xardín dos Desexos volve haber flores, Tareixa está contenta, Celia moi pronto poderá visitar á súa familia e todos entendestes o importante que é respectar ás abellas ¡aínda que piquen! demostraches que segues merecendo a túa Capa Vermella.

Esta vez aprendín unha boa lección: Debemos ser responsables e pensar moi ben antes de facer algo, se pode ser malo para outros.

E recorda: ata os superheroes como eu nos equivocamos pero o importante é darse conta e buscar unha solución, ¡se ti non a atopas só sempre podes pedir axuda aos demais!

¡Ata a próxima aventura futuros Superheroes!

